

***ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A CONFRARÍA DO SANTO ANTÓN DE
PADORNELO NOS SÉCULOS XVIII E XIX (PEDRAFITA DO CEBREIRO) (LUGO).***

Publicado en “Lucensia”. Miscelánea de Cultura e Investigación. Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo, nº 13.

AUTOR. JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DA FREGUESÍA DE SAN XOÁN DE PADORNELO.

Segundo o I.G.E. ¹ do ano 2019, esta freguesía posuía unha poboación de 88 habitantes, distribuída nas seguintes entidades de poboación: Busmullán (11), A Mata (3), Modreiro (10), Padornelo (11), Pallarvello (6), A Porfía (9), Sabugos (16), Temple (12), Vilasol (10). O burgo de Padornelo foi cedido por Oveco Sánchez a Diego Xelmirez e na súa igrexa houbo unha encomenda da Orde de San Xoán de Malta. A súa igrexa parroquial, do século XV, ten planta rectangular; paredes de cachotería e cuberta de lousa. No seu interior, hai un retablo barroco do século XVII.

Dende unha óptica eclesiástica, esta freguesía pertencía ao arciprestado de Becerreá e á diocese de Lugo. Non obstante, dende unha perspectiva civil esta comunidade eclesial, formaba parte do municipio de Pedrafita do Cebreiro; do partido xudicial de Becerreá; e da provincia de Lugo.

O municipio de Pedrafita do Cebreiro está situado no centro das serras orientais de Galicia, entre as serras de Os Ancares e O Courel. Limita cos municipios lucenses de As Nogais, Cervantes, O Courel, Samos e Triacastela; e cos leoneses de Balbao, Barjas e Vega de Valcárcel.

Posúe unha superficie de 105,10 km² na que vive, segundo o I.G.E. do ano 2019, unha poboación de 969 habitantes, distribuída nas seguintes freguesías: O Cebreiro, Fonfría, Hospital, Linares, Lousada, Louzarela, Pacios, Padornelo, Pedrafita do Cebreiro, Riocereixa, Veiga de Forcas, e Zanfoga. A estrada N-VI e a autovía A-6 atravesan este termo municipal polo extremo nororiental e o comunican con Becerreá, Ponferrada e Lugo; tamén, a estrada LU-633 o comunica coa comarca de Sarria ².

Por outra banda, este espazo territorial está encravado na comarca de Os Ancares lucenses, que está situada na zona oriental da provincia de Lugo, e que ocupa unha extensión de 907 km². É limítrofe coa comarca de A Fonsagrada ao Norte; coas de Sarria e Lugo ao W.; coa de Quiroga ao Sur; e con Asturias e León ao Leste, onde se encontran os Ancares Leoneses. Esta comarca aglutina, ademais deste municipio, os de Becerreá, As Nogais, Baralla,

¹ Instituto Galego de Estadística

² Wikipedia.org. Pedrafita do Cebreiro.

Cervantes, Navia de Suarna.

II. A CONFRARÍA DO SANTO ANTÓN.

As confrarías son agrupacións voluntarias formadas por laicos que teñen como finalidade fomentar o culto de determinadas imaxes. Nelas teñen lugar relacións de convivencia e sociabilidade. *"La cofradía es el núcleo focalizador de toda una vida y un dinamismo comunitario"* ³.

O dezanove de xuño de mil setecentos noventa e oito, **D. Francisco Antonio Pardo de Aguiar**, párroco das freguesías do San Xoán do Hospital da Condesa e da Sta. María Madalena do Poio, estableceu, de acordo cos veciños das súas freguesías, as constitucións da confraría do Santo Antón de Padua, situada na igrexa da Sta. María Madalena, hoxe desaparecida.

Na actualidade, o trece de xuño celébrase a festividade do Santo Antón de Padua na freguesía do San Xoán do Padornelo, onde os cabaleiros da Orde do San Xoán de Malta tiveron noutra época un hospital para atender ós peregrinos ⁴.

No ano mil setecentos noventa e nove o bispo da diocese de Lugo **Don Felipe Pelaez** aprobou as constitucións da devandita confraría, nas que se expoñían dun xeito xeral os seguintes datos:

1º. Toda persoa que quixese formar parte da confraría tiña que pagar de entrada un real de vellón e, se quixese marchar en vida, tería que pagar outro real.

2º. O día do Santo Antón de Padua todos os confrades tiñan que pagar de tarxa anual seis cuartos. Inicialmente á confraría pertencían douscentos ochenta e dous confrades, mais este número foi diminuindo nos seguintes anos malia seguiren pagando a mesma tarxa ⁵. Esta redución

³3. MALDONADO, Luis.- *Para comprender EL CATOLICISMO POPULAR*, "Cofradías y Hermandades", Ed. Verbo Divino, Estella (Navarra), 1990, páx. 87.

⁴4. DELGADO GÓMEZ, Jaime.- *El camino francés de Santiago en su tramo lucense*, Hércules de Ediciones, S.A e Consellería de Relacións Institucionais da Xunta de Galicia, páx. 38.

⁵5. *Arquivo central diocesano parroquial, Bispado de Lugo, Arciprestado de Samos-Triacastela, Parroquia do Padornelo, Cofradía del Santísimo y S. Antonio, Libro II, 1784-1868*, páx. 3.

puido ser debida a unha serie de causas: falta de recursos nos devotos, inaxeitada administración da confraría...

ANOS	CONFRADES
1807	168
1816	133
1831	117
1835	89
1840	65
1845	40
1850	24
1858	21

3º. Cada ano había que nomear un mordomo, que debería cumprir inicialmente as seguintes funcións:

3.1. Cobrar das persoas, que ían ser confrades, as tarxas de entrada e saída, consistentes nun real de vellón.

3.2. Cobrar aos confrades as tarxas anuais de seis cuartos.

3.3. Pedir a esmola os domingos e días festivos á porta da igrexa.

"Que se nombre Maiordomo cada año p^a q cobre las tarjas, entradas, y salidas, pida limosna los Dom^o y días festivos a la puerta de la Ig^a...." ⁶.

Os mordomos pertencían a lugares e aldeas do Padornelo. Así, na primeira década do século dezanove exerceron o cargo de mordomos as seguintes persoas:

Domingo do Chao, veciño da Porfía. Xoán Fernández, do Pallarbello. Xoán Díaz e Francisco Rodríguez, veciños de Sabugos.

⁶. Arquivo central diocesano parroquial, *Ob. cit*, pág. 2.

4º. Co diñeiro recadado os mordomos levaban a cabo unha serie de actos litúrxicos.

4.1. O día do Santo Antón de Padua celebraban unha función relixiosa, na que interviñan catro cregos, que recibían dez reais por concelebrar unha misa e axudar a confesar aos confrades o mesmo día da celebración. Algúns anos houbo tres cregos ⁷.

4.2. A morte de cada confrade poñíanlle doce candeas no enterro, honras e cabodano, se pertencía á parroquia, senón dez.

"Que a cada cofrade que muera se le den, y pongan p^a su entierro, onras, y cabo de año, siendo las funciones en qualquiera de las Igl^a dela Fra. doce belas y p^a fuera diez velas, y hade tener el Maiordomo obligación de ponerlas, y asistirle.... " ⁸.

5º. Todos os anos o mordomo debía dar conta da administración da confraría ao vicario ou ao párroco correspondente. Ata o ano mil oitocentos a confraría tivo unha débeda de mil oitocentos corenta e seis reais con dezanove mrs., debido a unha nefasta administración levada a cabo nos anos anteriores ⁹.

O depositario ***Francisco Blanco, veciño do lugar da Porfía***, foi o encargado de recuperar esta débeda, tarefa que conseguiu realizar parcialmente.

A partir do ano mil oitocentos o párroco de ambas as dúas freguesías fixo posible a unión do caudal da confraría do Santísimo do Hospital, que era de mil oitocentos setenta e cinco reais, co da confraría do Santo Antón, o que ía causar un permanente beneficio desta última confraría durante o século dezanove malia o declive de confrades ¹⁰.

⁷ . Nos anos mil oitocentos dous e mil oitocentos vinte e un. Arquivo central diocesano parroquial. ***Ob. cit.***

⁸ ***Arquivo central diocesano parroquial, Bispado de Lugo, Arciprestado de Samos-Triacastela, Parroquia do Padornelo, Cofradía del Santísimo y S. Antonio, Libro II***, 1784-1868, páx. 2.

⁹ .Convén ter en conta que a confraría do Santo Antón de Padua xa funcionaba antes de que o devandito párroco establecese as constitucións sinaladas anteriormente.

¹⁰ . Arquivo central diocesano parroquial, ***Ob. cit.*** páx. 6.